

ANUNCIO

O alcalde, mediante resolución nº 155/2020 do 17/03/2020 **EXPEDIENTE:** 2020/G003/000175, adoptou as seguintes medidas, con base nos antecedentes que se indican en relación co estado de alarma declarado para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE núm. 67 da mesma data:

ANTECEDENTES:

Debido á declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE núm. 67 da mesma data, e seguindo tamén a recomendación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza establecidas na Resolución de 15 de marzo de 2020 publicada no DOG núm. 51 da mesma data logo dos bandos e instrución ditados ao abeiro do disposto, no artigo 21 en relación co 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e o art. 41 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), bandos con data 12 e 14 de marzo de 2020, e instrución do 16 de marzo de 2020 rexistrada o 17 de marzo de 2020 co nº de saída 371, sobre medidas a aplicar con respecto ao persoal do Concello de Melide, faise preciso, entre outros acordos, ratificar as instrucións xa adoptadas e ditar outras novas para garantir o mantemento da prestación dos servizos públicos esenciais con medidas que contribúan a contención da enfermidade.

MEDIDAS:

Primeiro. Manter as instrucións e recomendacións adoptadas nos bandos dos días 12 e 14 de marzo de 2020 durante o período que dure o estado de alarma.

Segundo. Manter durante o período de alarma, salvo novas resolucións ao respecto das distintas administracións públicas que sexan de aplicación a esta administración, ou por cambio de circunstancias a instrución do 16 de marzo de 2020 rexistrada o 17 de marzo de 2020 co nº de saída 371 sobre medidas a aplicar con respecto ao persoal do Concello de Melide.

Terceiro. Os servizos de Rexistro e Atención Cidadá e Asistencia ao Contribuínte funcionarán só por medios telefónicos e telemáticos.

Cuarto. Non se poderá acceder por parte da cidadanía ás oficinas dos diversos servizos municipais.

Quinto. En aplicación do Real Decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos desta administración municipal. O cómputo de prazos reanudarase no momento en que perda vixencia este acordo ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

Sexto. Queda suspendida a celebración de todos os procesos selectivos en curso ata nova comunicación.

Sétimo. Quedan suspendidas tódalas reunións agás as que sexan expresamente autorizadas, por razón de urxencia o interese xeral, polo Sr. Alcalde.

Oitavo. Por medio de instrucións ás empresas adxudicatarias de contratos que se considere necesario adoptaranse todas as medidas tendentes a garantir o cumprimento do estado de alarma e á contención da enfermidade.

Noveno. Estas medidas de carácter extraordinario terán a duración esixida polo estado de alarma, podendo ser modificadas en función das circunstancias e das instrucións dadas polas autoridades competentes.

O que se fai público para xeral coñecemento

Melide, martes 17 de marzo de 2020

Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas.